



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión do 29 de DECEMBRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(989).- ACTUALIZACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DENDE O ANO 2022 ATA O 2024 E PRORROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA “XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO”. EXPTE. 2491/441.

Visto o informe xurídico de data 19/12/2025 e o informe de fiscalización do 23/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/12/2025, asinado pola xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 1 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

I.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada “AQUALIA-FCC VIGO”, a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

II.- A concesión foi formalizada en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, por un prazo de duración de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991. Segundo a Cláusula 2A do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares da concesión (en adiante PCEA) e a Cláusula Décima do Contrato *“a concesión poderá ser prorrogada tacitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prorrogas”*.

III.- O contrato foi obxecto dunha primeira prórroga, acordada pola Xunta de Goberno Local o 21.11.2011, por prazo de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, que finalizou o 31 de decembro de 2020, e dunha segunda prórroga, aprobada polo mesmo órgano, en sesión de data 30.12.2020, por un período de 5 anos con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025. Ambas prórrogas subordináronse á execución dun programa de investimentos por parte da concesionaria nas contías que os ditos acordos de prórroga especifican.

IV.- En sesión de 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local aprobou a ordenación do procedemento a seguir nas obras a executar incluídas no programa de investimentos da primeira das prorrogas acordada, e con data de 6 de maio de 2021 o dito órgano, seguindo as indicacións da Asesoría Xurídica, no informe emitido con ocasión da segunda prórroga, aprobou a adaptación á normativa contractual vixente da ordenación do dito procedemento de contratación para a execución dos investimentos previstos na segunda prórroga, así como o nomeamento como responsable do contrato ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, asinante do presente informe.

V.- Por resolución do Concelleiro-delegado da Área Fomento de data 08.12.2021 nomeouse aos técnicos municipais nos diferentes ámbitos de seguimento e supervisión da concesión (técnico, económico e financeiro e xurídico).

VI.- Con data 10.10.2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu adxudicar á entidade Serye Ingenieros SL o contrato de asistencia técnica para estudo e análise das infraestruturas e servizos que conforman o ciclo integral da auga do Concello de Vigo. O alcance dos traballos técnicos do contrato son os seguintes:

- Análise e recompilación de datos das instalacións e infraestruturas propiedade do Concello de Vigo destinadas á prestación do servizo do ciclo integral da auga (captacións, depósitos, rede de tubaxes, estacións de tratamento de auga, bombeos, depuradoras, tanques de tormenta...).
- Análise de nova lexislación de aplicación ao contrato.
- Análise da adecuación do regulamento de prestación do servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 2 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

- Asesoramento técnico e de xestión especializada en mantemento de redes de abastecemento e saneamento.

- Apoio en todo o proceso de definición dos documentos contractuais para o contrato unha vez finalizada a vixente prórroga.

VII.- Como queira que esta segunda prórroga finalizaba o 31/12/2025, a fin de que a reversión do servizo e a entrega de bens se verificara nas condicións convidadas, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en resolución 14.07.2023, dispuxo o inicio do procedemento preparatorio para a liquidación do contrato, e habida conta a complexidade do servizo, que requiría un estudo completo da situación do mesmo, resolveu solicitar da concesionaria diversa documentación respecto do servizo que foi aportada pola mesma.

VIII.- Os traballos e actuacións realizados tanto no marco do contrato de asistencia técnica, adxudicado a Serye Ingenieros S.L., como no expediente de liquidación arriba referido, así como as actuacións propias do seguimento da execución do contrato tiveron por principais obxectos: (i) a actualización do inventario das infraestruturas adscritas ao contrato; (ii) a actualización dos indicadores de poboación, padrón e caudais vinculados á xestión do servizo, co obxecto de determinar necesidades sobre o futuro modelo para a xestión do ciclo integral da auga; (iii) a identificación actualizada tanto das actuacións e prestacións a desenvolver vinculadas aos distintos servizos vinculados coa xestión integral do ciclo da auga e as peculiaridades concretas de Vigo e as súas proxeccións futuras; (iv) a análise das instalacións vinculadas a rede de abastecemento, saneamento e depuración e dos investimentos necesarios para a mellora conxunta do servizo, identificando niveis de prioridade das mesmas; (v) a elaboración de anteproxectos das actuacións de investimentos necesarias; (vi) o seguimento puntual do custo unitario da concesión, etc.

O conxunto das referidas actuacións, as realizadas pola asistencia técnica e as preparatorias da liquidación, iniciáronse á vista da terminación do prazo do contrato en decembro de 2025, o que xunto co seguimento realizado polos técnicos municipais designados na resolución do Concelleiro de data 08.12.2021 encádrase nos necesarios traballos de análise sobre a posibilidade da prórroga ou non prórroga do contrato e nova licitación ou cambios na xestión do servizo, no seu caso.

IX.- Consta no expediente **INFORME SOBRE A SITUACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO** con data 03.12.2025, no cal se realiza polos técnicos do servizo xestor do contrato unha análise das incertezas e indefinicións respecto dun novo contrato así como unha análise sobre a prestación obxecto da concesión. No mesmo conclúese:

“O Concello de Vigo tal e como se reflectiu ven desenvolvendo a súa competencia municipal obrigatoria de abastecemento e saneamento de augas a través da concesión da xestión integral do servizo a AQUALIA—FCC Vigo. O contrato actual prevé a posibilidade de 5 prórrogas por un período de 5 anos cada unha, finalizando o 30 de decembro de 2025 a segunda das previstas no contrato.

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 3 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con esta prórroga non se supera nin o límite máximo de 50 anos previsto na cláusula 2 dos pregos, nin o límite máximo previsto na normativa de aplicación vixente na data da súa celebración (art. 64 da Lei Contratos do Estado e o art. 58 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas).

No presente informe analízase a adecuada execución do contrato polo actual concesionario sinalándose diferentes aspectos salientables que acreditan as devanditas circunstancias (redución de volumes de auga non rexistrada, mellora da eficiencia no consumo rexistrado en instalacións municipais, implantación de medidas para a redución de perdas na rede, dixitalización do parque contadores e modernización da estación de tratamento de auga potabilizada ETAP de O Casal, elaboración do proxecto Capital Dixital da Auga en Galicia VIGWATER beneficiario nun procedemento de concurrencia competitiva dunha subvención de 5.996.314,35 euros para melloras do servizo).

Analizáronse así mesmo diversas circunstancias na execución do servizo das que resulta de interese a continuidade do actual operador (implantación plan emerxencias encoro de Zamáns, incerteza das actuacións a imputar ao Concello de Vigo nas medidas e investimentos necesarios para garantir o abastecemento, incerteza sobre a forma e custe do abastecemento a outros municipios limítrofes, necesidades de posta en funcionamento e determinación custes da ETAP de O Casal, necesidade de executar o proxecto Capital Dixital da Auga en Galicia VIGWATER, etc).

A vista do cal polos que suscriben enténdese aconsellable desenvolver unha proposta de prórroga da actual concesión, tendo en conta que a mesma se atopa contemplada nos pregos que e normativa que rixen a concesión, e que o servizo vense prestando de forma adecuada cun alto grado de eficacia.”

As diferentes incertezas, indefinicións e circunstancias na execución do servizo que se citan no informe do servizo e que motiva a continuidade do actual contrato se atopan en diferentes expedientes municipais. Entre eles, exp. 2231-441 (proxecto participación terceira convocatoria subvencións de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga – Perte dixitalización do ciclo da auga), exp. 1095/440 (plan emerxencia municipal en situación de seca), exp. 5085-440 (proposta de convenio coa Xunta de Galicia sobre a captación do Río Verdugo), exp. 182/441 (convenio e escritos entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica, a través da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil; Augas de Galicia e o Concello de Vigo para mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra), exp. 7949/440 (Alegacións contra a resolución de 11 de abril de 2025 de Augas de Galicia de proposta de delimitación das aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia), 917/441 (novo plan seca municipal) exp.1870/441 (plan integral do sistema de xestión do saneamento), exp. 1567/441 (mantemento, operación, explotación Encoro Eiras), exp. 390/441 (proposta convenio explotación Encoro Eiras), exp. 2265/441 (implantación plan emerxencias Encoro Zamáns), exp. 6933/440 (actuacións para a redución auga non rexistrada), exp. 6046/440 (informes anuais de seguimento do plan de eficiencia e control de consumos en instalacións municipais), exp. 4649/443 (execución obras de ampliación e modernización da ETAP O Casal), exp. 1149/441, (informes de seguimento de Augas Galicia EDAR Teis e EDAR Lagares), exp 1378/441 (autorización emprego Auga Rexenerada), etc



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 4 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

X.- Consta resolución do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03.12.2025, no cal se ordena “Iniciar expediente de 3ª PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS”.

XI.- Consta no expediente informes da concesionaria relativa á solicitude de retribución correspondente ao ano 2022, 2023 e proposta de liquidación económica da concesión xunto co informe de procedementos acordados emitido pola entidade Price WaterhouseCoopers a efectos da súa verificación.

XII.- Consta no expediente informe asinado con data 04.12.2025 polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos (dirección técnica do contrato) conformado polo Enxeñeiro/ Xefe da Área de Servizos Xerais sobre o recoñecemento dos investimentos executados por FCC AQUALIA VIGO UTE en relación á prórroga do contrato de concesión administrativa de xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de Vigo.

XIII.- Consta no expediente informe asinado con data 04.12.2025 polo Enxeñeiro de Camino, Canais e Portos (dirección técnica do contrato) conformado polo Enxeñeiro/ Xefe da Área de Servizos Xerais sobre o análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga en Vigo.

XIV.- Consta no expediente informe asinado con data 11.12.2025 polo persoal designado para o seguimento económico da concesión(Economista da Dirección de Ingresos, a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada), así como pola Dirección Superior Contable municipal, aos efectos, sobre o estado económico da concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas, 2021-2025, sobre as solicitudes do custo unitario 2022, 2023, 2024 e a previsión do 2025 así como a previsión e capacidade de financiamento da concesión administrativa perante o período de prórroga 2026-2030.

No devandito informe se explicitan as seguintes incertezas e indefinicións dende o punto de vista económico:

“A recepción definitiva da nova ETAP de O Casal, realizada o pasado 05/12/2025. A explotación desta instalación na súa configuración final implica a realización duns procesos técnicos substancialmente diferentes aos levados a cabo ata agora, e que se veñen incorporando progresivamente nestes últimos meses. Segundo o indicado no Informe sobre a situación do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo asinado o 03/12/2025, “considérase conveniente establecer un período, non inferior a un ciclo hidrolóxico completo (un ano) para poder controlar dun xeito eficiente o funcionamento da nova planta, así coma determinar os custos de explotación asociados á mesma”. Polo tanto, o custo actualmente considerado non reflexa a realidade da explotación da ETAP de O Casal na súa nova configuración, sen prexuízo que o financiamento da instalación xa formou parte do plano de investimentos da prórroga que agora finaliza.

A transmisión formal da propiedade da EDAR Lagares. Como se apuntou ao tratar o modelo financeiro de recuperación dos investimentos, a EDAR do Lagares é unha instalación esencial para a prestación do servizo, polo que a súa incorporación ao patrimonio municipal para garantir a adscrición permanente ao servizo é unha operación a acometer no futuro próximo. Esta incorporación pode implicar o devengo de IVE que, dado o elevado valor do investimento (superior a 150 millóns €), pode implicar unha importante incidencia financeira, en función do horizonte temporal de recuperación do IVE soportado da instalación.

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 5 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A incerteza derivada da subministración de auga no marco do servizo municipal a 8 concellos da contorna, e que representa o 40% do volume total de auga subministrada pola concesionaria. A determinación dun modo estable das obrigas de subministración do concello de Vigo fronte a estes concellos, así como a futura regularización das tarifas practicadas a estes concellos, particularmente unha vez se determine o custo real da explotación da nova ETAP de O Casal, entre outras variables, constitúen unha importante fonte de incerteza sobre a estrutura futura de custos e ingresos da concesión.”

No mesmo se conclúe o seguinte:

“

- O custo unitario calculado pola concesionaria para os anos **2022 (0,9972 €/m³), 2023 (1,0163 €/m³) e 2024 (1,0729 €/m³)** é correcto de acordo cos pregos que rexen a concesión. Estes custos unitarios coinciden coa tarifa media de ingresos, polo que existe equilibrio de tarifa nestes exercicios (nen déficit nen superávit).
- O custo unitario estimado para **2025 (1,0944 €/m³)** baséase correctamente nos datos reais dispoñibles á data actual e en estimacións razoables do valor final das magnitudes. A tarifa media de ingresos prevista é igual ao custo unitario estimado, polo que se prevé pechar o exercicio con equilibrio de tarifa.
- A estimación do Modelo Económico-Financeiro de recuperación do investimento a 31/12/2025, segundo a cal o saldo do mesmo é de equilibrio, baséase correctamente nos datos reais dispoñibles á data actual e en estimacións razoables do valor final das magnitudes.
- Polo tanto, conclúese que a **concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas atópase nunha situación de equilibrio económico-financeiro á finalización da segunda prórroga (31/12/2025).**
- Unha vez estean dispoñibles os datos reais de facturación, ingresos, tratamento de augas residuais na EDAR Lagares, EURIBOR, pagos por investimentos e demais magnitudes necesarias para os últimos meses de 2025, procederá determinar o custo unitario definitivo deste exercicio e o saldo final do modelo a 31/12/2025, practicando os axustes que, no seu caso, proceda realizar.
- O custo de explotación para o período de prórroga, unha vez homoxeneizado, é dicir, excluindo o canon concesional e o plan de investimentos, é inferior ao custo do servizo determinado pola consultora especializada Serye, actualizado mediante a aplicación dos índices K(t) correspondentes. Polo tanto, **a prórroga é beneficiosa para os intereses municipais ao implicar un custo de explotación menor.**
- **O custo do servizo está suxeito a incertezas que teñen o potencial de afectar substancialmente ás estimacións realizadas neste informe**, tales como as derivadas da explotación da nova ETAP de O Casal, da incorporación da EDAR Lagares ao patrimonio municipal e da subministración de auga en alta a outros concellos. O custo de explotación da nova ETAP poderá determinarse unha vez transcorrido un ciclo hidrolóxico completo desde a súa recente posta en marcha. A incorporación ao patrimonio municipal da EDAR do Lagares, instalación esencial para a prestación do servizo, pode ter unha elevada incidencia sobre o cash-flow a causa dos efectos fiscais da transmisión do activo. A indeterminación das obrigas derivadas da competencia da auga en alta, que está a representar un 40% do volume total de auga subministrada pola concesionaria, impide definir o alcance a medio prazo dos servizos prestados a outros concellos, e polo tanto o custo e os ingresos derivados dos mesmos. **Estas incertezas representan argumentos económicos favorables á prórroga da concesión fronte á alternativa de licitar un novo contrato, en tanto ditas incertezas non sexan resoltas.**
- **A capacidade de investimento da concesión para o período de prórroga 2026-2030**, nun escenario de estabilidade dos ingresos en termos reais e de evolución razoable das magnitudes determinantes do custo unitario e do Modelo Económico-Financeiro de recuperación do investimento, **alcanzaría un importe de 41.723.704,74 euros.** Este importe está suxeito á evolución real das magnitudes relevantes,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 6 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

polo que procede realizar un seguimento permanente, e adoptar, no seu caso, as medidas precisas para garantir o equilibrio económico da concesión.

- Baixo as hipóteses (prognose de facturación e evolución dos índices que conforman o custo unitario) xustificadas neste Informe, estímase que a **prórroga do contrato actual permitiría manter a estabilidade do equilibrio económico-financieiro do servizo durante todo o período 2026-2030, xerando ademais unha capacidade de investimento de 41.723,70 miles de euros dispoñible para o mantemento e mellora da infraestrutura adscrita ao servizo, e sen incremento en termos reais das tarifas.**

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable á concesión da xestión do servizo público municipal de abastecemento de agua e saneamento de Vigo

Tanto a adxudicación como a formalización do contrato de que tratamos tiveron lugar baixo a vixencia da Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril e o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953.

De acordo coas disposicións transitorias da Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aproba a Lei de Contratos das Administracións Públicas; da Lei 53/1999, de 28 de decembro, que modifica a anterior; do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos; da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei; e da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, en principio cabería entender que a normativa aplicable ao contrato é a Lei de Contratos do Estado, aprobada por Decreto 923/1965, de 8 de abril e o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953.

A Lei 13/1995, de 18 de maio, pola que se aprobou a Lei de Contratos das Administracións Públicas, que derogou a Lei de Contratos do Estado de 1965 e o seu regulamento, así como o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953, establece na súa disposición transitoria primeira que: «Los expedientes de contratación en curso en los que no se haya producido la adjudicación se regirán por lo dispuesto en la presente Ley, sin que, no obstante, en ningún caso sea obligatorio el reajuste a la presente Ley de las actuaciones ya realizadas».

A Lei 53/1999, de 28 de decembro, modificou a lei de contratos de 1995, pero non afectou a esta transitoria primeira da lei de 1995, e incorporou —a Lei 53/1999— unha disposición transitoria única que establece que «Los expedientes de contratación iniciados y los contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley —a Lei 53/1999— se regirán por la normativa anterior».

Pola súa parte, a disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece que «Los expedientes de contratación iniciados y los contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, se regirán por la normativa anterior (...)». Esta disposición transitoria se reproduce, —con

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 7 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

referencia temporal a propia lei que as publica— nas transitorias da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido desta Lei, e na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do sector Público.

A disposición transitoria primeira da Lei de Contratos das Administracións Públicas de 1995, non regula o réxime xurídico aplicable aos contratos adxudicados con anterioridade a esta Lei, e a Lei 53/1999, dispón que os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei 53/1999 se rexerán pola normativa anterior, que é a lei de Contratos de 1995, que derroga expresamente o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953 e a Lei de Contratos do Estado e o seu regulamento. Esta falta de regulación na transitoria da Lei de Contratos de 1995 e a previsión expresa da Lei 53/1999, que vimos de ver, ofrece a dúbida de se ao contrato a que se refire este informe lle é ou non de aplicación, canto ao seu cumprimento, extinción, duración e réxime de prórrogas a Lei de Contratos do Estado de 1965 e o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, aprobado por decreto de 9 de xaneiro de 1953, por canto este regulamento, xunto coa Lei de Contratos do Estado e o seu regulamento —repetimos—, foron derogados expresamente pola Lei 13/1995, de 18 de maio, que é Lei anterior á Lei 53/1999.

A Xunta Consultiva de Contratación administrativa do Estado no Informe 24/04, de 7 de junio de 2004, sobre «Cuestiones sobre la duración de un contrato y de la de su prórroga» entende que a normativa aplicable é a Lei de Contratos do Estado de 1965 e o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953.

En calquera caso, tal cuestión carece de trascendencia no que ao presente expediente importa porque, en punto á duración do contrato e as súas posibles prórrogas, o texto do artigo 64 da Lei de Contratos do Estado e o artigo 158 da Lei de Contratos das Administracións Públicas de 1995, difiren unicamente no prazo máximo do contrato que na primeira é de 99 anos e na segunda é de 75, sendo así que o prazo do contrato de que tratamos é de 50 anos, conforme ao máximo previsto no artigo 10 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953 e 115. 4ª RSCL de 1955. Doutra parte, a prórroga que se propón é expresa, de acordo co novo réximen de necesidade de prórrogas expresas que impón o artigo 68 da Lei 13/1995, na redacción dada pola Lei 53/1999.

II.- Sobre a posibilidade da prórroga no ámbito do contrato vixente

O Prego de condicións económico administrativas e o Contrato formalizado o día 8 de xaneiro de 1991 para a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo fixaron un prazo de duración da concesión de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tácitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prórrogas.

Segundo se expuso nos antecedentes, a Xunta de Goberno en sesión de data 30.12.2020 acordou declarar a prórroga expresa da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia o período de prórroga finaliza o 31 de decembro de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 8 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

A Xunta de Goberno Local en sesión de 26.04.2024 comunicou á concesionaria a inoperabilidade da prórroga tácita prevista no prego de cláusulas administrativas reitor da concesión administrativa da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, da que é titular a empresa AQUALIA-FCC VIGO

Ambos acordos se adoptaron de conformidade cos criterios da Xunta Consultiva de Contratación, que en reiterados dictámenes mantén que unha vez entrada en vigor a nova redacción do artigo 67 da Lei de Contratos das Administracións Públicas coa aprobación da Lei 53/1999, de 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, deben ser rechazadas as prórrogas tácitas, sendo admisibles as prórrogas expresas, tal e como se indicaba no informes xurídicos da 1ª e 2ª prórroga.

III.- Motivación do interese público na conveniencia da prórroga.

Consta no expediente informe motivado sobre a situación do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo asinado polos responsable do contrato, o enxeñeiro de caminos, canais e portos municipal director técnico do contrato e o Enxeñeiro/Xefe da Área de Servizos Xerais en data 03.12.2025 no que se conclúe:

“O Concello de Vigo tal e como se reflectiu ven desenvolvendo a súa competencia municipal obrigatoria de abastecemento e saneamento de augas a través da concesión da xestión integral do servizo a AQUALIA—FCC Vigo. O contrato actual prevé a posibilidade de 5 prórrogas por un período de 5 anos cada unha, finalizando o 30 de decembro de 2025 a segunda das previstas no contrato.

Con esta prórroga non se supera nin o límite máximo de 50 anos previsto na clausula 2 dos pregos, nin o límite máximo previsto na normativa de aplicación vixente na data da súa celebración (art. 64 da Lei Contratos do Estado e o art. 58 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas).

No presente informe analizouse a adecuada execución do contrato polo actual concesionario sinalándose diferentes aspectos salientables que acreditan as devanditas circunstancias (redución de volumes de auga non rexistrada, mellora da eficiencia no consumo rexistrado en instalacións municipais, implantación de medidas para a redución de perdas na rede, dixitalización do parque contadores e modernización da estación de tratamento de auga potabilizada ETAP de O Casal, elaboración do proxecto Capital Dixital da Auga en Galicia VIGWATER beneficiario nun procedemento de concurrencia competitiva dunha subvención de 5.996.314,35 euros para melloras do servizo).

Analizáronse así mesmo diversas circunstancias na execución do servizo das que resulta de interese a continuidade do actual operador (implantación plan emerxencias encoro de Zamáns, incerteza das actuacións a imputar ao Concello de Vigo nas medidas e investimentos necesarios para garantir o abastecemento, incerteza sobre a forma e custe do abastecemento a outros municipios limítrofes, necesidades de posta en funcionamento e determinación custes da ETAP de O Casal, necesidade de executar o proxecto Capital Dixital da Auga en Galicia VIGWATER, etc).

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 9 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A vista do cal polos que suscriben enténdese aconsellable desenvolver unha proposta de prorroga da actual concesión, tendo en conta que a mesma se atopa contemplada nos pregos que e normativa que rixen a concesión, e que o servizo vense prestando de forma adecuada cun alto grado de eficacia.”

Consta asimesmo informe da Área da Dirección de Ingresos municipal e do Director Superior Contable de data 11.12.2025 no que se conclúe como aspectos máis destacables no que respecto da motivación do interese público na conveniencia da prorroga se refiren, por unha banda as incertidumes reseñadas respecto dos custes de (i) explotación da nota ETAP do Casal, transmisión da titularidade da EDAR do Lagares e (iii) incerteza derivada da subministración de auga no marco do servizo municipal a 8 concellos da contorna, e que representa o 40% do volume total de auga subministrada pola concesionaria, e por outra banda respecto da prorroga que (i) a concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas atópase nunha situación de equilibrio económico-financeiro á finalización da segunda prorroga (31/12/2025), (ii) A capacidade de investimento da concesión para o período de prorroga, nun escenario de estabilidade dos ingresos en termos reais e de evolución razoable das magnitudes determinantes do custo unitario e do Modelo Económico-Financeiro de recuperación do investimento, alcanzaría un importe de 41.723.704,74 euros, (iii) Baixo os supostos razoables xustificadas neste Informe, estímase que a prorroga do contrato actual permitiría manter a estabilidade do equilibrio económico-financeiro do servizo durante todo o período 2026-2030, xerando unha capacidade de investimento suficiente e sen incremento das tarifas pagadas pola cidadanía en termos reais.”

- O custo de explotación para o período de prorroga, unha vez homoxeneizado, é dicir, excluindo o canon concesional e o plan de investimentos, é inferior ao custo do servizo determinado pola consultora especializada Serye, actualizado mediante a aplicación dos índices K(t) correspondentes. Polo tanto, **a prorroga é beneficiosa para os intereses municipais ao implicar un custo de explotación menor.**
- **O custo do servizo está suxeito a incertezas que teñen o potencial de afectar substancialmente ás estimacións realizadas neste informe**, tales como as derivadas da explotación da nova ETAP de O Casal, da incorporación da EDAR Lagares ao patrimonio municipal e da subministración de auga en alta a outros concellos. O custo de explotación da nova ETAP poderá determinarse unha vez transcorrido un ciclo hidrolóxico completo desde a súa recente posta en marcha. A incorporación ao patrimonio municipal da EDAR do Lagares, instalación esencial para a prestación do servizo, pode ter unha elevada incidencia sobre o cash-flow a causa dos efectos fiscais da transmisión do activo. A indeterminación das obrigas derivadas da competencia da auga en alta, que está a representar un 40% do volume total de auga subministrada pola concesionaria, impide definir o alcance a medio prazo dos servizos prestados a outros concellos, e polo tanto o custo e os ingresos derivados dos mesmos. **Estas incertezas representan argumentos económicos favorables á prorroga da concesión fronte á alternativa de licitar un novo contrato, en tanto ditas incertezas non sexan resoltas.**
- **A capacidade de investimento da concesión para o período de prorroga 2026-2030**, nun escenario de estabilidade dos ingresos en termos reais e de evolución razoable das magnitudes determinantes do custo unitario e do Modelo Económico-Financeiro de recuperación do investimento, **alcanzaría un importe de 41.723.704,74 euros.** Este importe está suxeito á evolución real das magnitudes relevantes, polo que procede realizar un seguimento permanente, e adoptar, no seu caso, as medidas precisas para garantir o equilibrio económico da concesión.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 10 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

- Baixo as hipóteses (prognose de facturación e evolución dos índices que conforman o custo unitario) xustificadas neste Informe, estímase que a **prórroga do contrato actual permitiría manter a estabilidade do equilibrio económico-financeiro do servizo durante todo o período 2026-2030, xerando ademais unha capacidade de investimento de 41.723,70 miles de euros dispoñible para o mantemento e mellora da infraestrutura adscrita ao servizo, e sen incremento en termos reais das tarifas.**

IV.- Competencia.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición Adicional segunda parágrafo 3º do TRLCS.

Á vista de todos os antecedentes descritos e previo informe xurídico do Xefe de Asesoramento Xurídico de Servizos Xerais, así como informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local,

PRIMEIRO: Aprobar a actualización das retribucións dende o ano 2022 ata o 2024 nos termos indicado no informe económico incorporado ao presente expediente de data 11.12.2025 establecendo como coste unitario da concesión para o ano 2022 a cantidade de 0,9972 euros/metro cúbico, para o ano 2023 a cantidade de 1,0163 €/m³, e para o ano 2024 a cantidade de 1,0729 €/m³.

SEGUNDO: Declarar a prorroga da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada segundo acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 25/10/1990, por un período con vixencia de 5 anos con efectos a partires do día 1 de xaneiro de 2026, a favor da actual concesionaria do servizo AQUALIA FCC VIGO UTE, con arranxo ó Prego de Condicións Económico-Administrativas e Oferta Económica que serviu de base para a adxudicación do concurso, vinculada a mesma á execución e financiamento do plan de investimentos por importe máximo de **41.723.704,74 euros** €, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos.

As actuacións do plan de investimentos concretaranse nos correspondentes proxectos técnicos tendo o en conta o procedemento acordado pola Xunta de Goberno Local en sesións de datas 08.03.2013 (modificado en sesión ordinaria do 6 de maio de 2021), así como o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025.

TERCEIRO: Dar conta do presente acordo a AQUALIA FCC VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 11 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

2(990).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4537/449.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización de data 23/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS:

1º O artigo 25 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local dispón, no seu apartado 2, letra g), que o Municipio exercerá en todo caso como propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencia en materia de transporte colectivo urbano; así mesmo, o artigo 86.3 da citada norma declara a reserva legal en favor dos municipios dos servizos de transporte, e no apartado 1, letra d) do artigo 26 do mesmo texto, establece que os Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, como é o de Vigo, deberán prestar obrigatoriamente o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

2.º O servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros vense prestando de xeito indirecto polo Concello de Vigo, mediante o contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, desde o ano 1968. O contrato actual, de xestión do servizo público de transporte urbano colectivo, en forma de concesión administrativa, foi adxudicado polo concello de Vigo á mercantil Viguesa de Transportes, S.A., en sesión plenaria de 16 de setembro de 1994. A formalización do contrato tivo lugar o 8 de xuño de 1995, en documento administrativo. A duración do contrato, segundo estipula a cláusula 2ª do prego de condicións económico administrativa e prescricións técnicas, aprobado en sesión plenaria de 26 de maio de 1994, é de 25 anos, a contar da formalización do contrato en documento administrativo, prorrogables por períodos de 5 anos, ata un límite de 35 anos, incluído o prazo fixo.

3º A Xunta de Goberno Local, en sesión de 5 de xuño de 2020 aprobou a prórroga deste contrato ata o 7 de xuño de 2025 nas condicións do prego de cláusulas arriba referido, a oferta presentada e demais que se recollen no devandito acordo.

4º Na actualidade, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2025, o dito servizo de transporte, en aplicación do principio de continuidade na prestación do servizo público e dos artigos 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007 e 85 da LOTT,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 12 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

préstase en virtude da prórroga forzosa da prestación do servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicado en concesión a Viguesa de Transportes, S.L., polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994; concesión que finalizaba o 7 de xuño de 2025. A duración da devandita prórroga, de carácter excepcional e temporal, será imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato, resultante do expediente de licitación 4537/449, iniciado por resolución do concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, de data 29 de novembro de 2024. A continuidade en ningún caso poderá exceder de 2 anos.

5º.- Co fin de preparar unha nova contratación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros da cidade, a Xunta de Goberno Local, con data de 3 de novembro de 2023, acordou adxudicar a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible. e así mesmo. establecer un proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimizar dita rede en relación a configuración das liñas coa demanda real e de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025 á unión temporal de empresas Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L. - CPS Infraestructuras Movilidad y Medio Ambiente, S.L.

6º.- En canto ao modo de prestación do servizo na sesión plenaria celebrada en data 28 de xullo de 2025 adoptouse no expediente 5137-449 o acordo de “ Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, en situación de prórroga forzosa, desde o 8 de xuño de 2025, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2025.

7ª.- Con data data 13 de agosto de 2025 foi ditada orde de Inicio do expediente para a aprobación da ordenanza de prestación patrimonial de carácter público no tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (expediente 3302-500). Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de agosto de 2025 foi aprobado someter a consulta pública previa a citada ordenanza, abríndose o prazo para presentar alegacións o 25 de agosto. Este prazo rematou o 22 de setembro sen que fose presentada ningunha alegación, tal e como consta na certificación da Secretaría de Goberno Local figurando na cláusula 8 do PCAP (tramite 336) que a data de formalización e, en consecuencia, do inicio de execución das prestacións está condicionada á entrada en vigor da devandita Ordenanza.

8º.- Na data 29 de novembro de 2024 foi emitido Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo xefe do servizo xurídico de servizos xerais, a xefa do servizo de transportes e o técnico de administración xeral da área de fomento, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do contrato, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017,

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 13 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)

9º.-Na data 29 de novembro de 2024 polo Concelleiro-delegado de Fomento e Servizos se acordou iniciar o expediente administrativo para a contratación, polo procedemento aberto, regulado na vixente lei de contratos do sector público, do servizo á cidadanía do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.

10º- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

Memoria económica de data 30 de xullo de 2025 (nº de tramite 221), relativa aos seguintes extremos:

Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

Xustificación de que o contrato non afectará a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Informes complementarios da memoria económica emitidos pola dirección superior contable e orzamentaria de datas 20 de xullo de 2025 (nº de tramite 172) e 31 de xullo de 2025 (nº de tramite 225) ao emitido na data 3 de abril de 2025 (nº de tramite 25).

Declaración de neutralidade dos redactores do prego de prescricións técnicas de data 21 de xullo de 2025 (nº de tramite 175).

Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de xullo de 2025 (nº de tramite 176) asinado pola enxeñeira industrial, o enxeñeiro de camiños canais e portos, o xefe de area de servizos xerais e a xefa do servizo de transportes e anexos o PPTP do I o XVIII (nºs de tramite do 177 o 186, 188 o 194, 196 o 211 e tramites nº 299 asinado na data 10 de outubro de 2025, e nº 300)

ANEXO I: DESCRICIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS ACTUAL (Anexo en tramite 177 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO II: RELACIÓN DE PUNTOS DE PARADA. (anexo composto de cinco arquivos; parte 1, parte 2, parte 3, parte 4 e parte 5, anexados nos tramites 178,179,180,181 e 182, asinados con data 21/07/2025)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 14 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

ANEXO III: DESCRICIÓN DO SERVIZO DE BUS TURÍSTICO CULTURAL. (Anexo en tramite 183 e asinado con data 21/07/2025).

ANEXO IV: INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP (Anexo conformado por 6 arquivos; anexados nos tramites, 184 (asinado con data 21/07/2025), 185, 186, 188, 189. E actualizada relación de persoal subrogable anexoado con data 14 de outubro de 2025 no tramite 300.

ANEXO V: CONVENIOS Y REGULACIÓN LABORAL (anexo composto de cinco arquivos; anexados nos tramites 190 (asinado con data 21/07/2025), 191, 192, 193 e 194)

ANEXO VI: INVENTARIO FROTA DE VEHÍCULOS ADSCRITA AO SERVIZO (Anexo actualizado anexoado no tramite 299 e asinado con data de 10 de outubro de 2025)

ANEXO VII: PLAN DE RENOVACIÓN DE FLOTA (Anexo en tramite 196 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO VIII: BENS OBXECTO DE REVERSIÓN E VALORACIÓN DOS MESMOS (Anexo en tramite 197 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO IX: INVENTARIO DE INSTALACIÓNS QUE SE POÑEN A DISPOSICIÓN DO CONTRATISTA PARA DESENVOLVER AS TAREFAS VENCELLADAS AO OBXECTO DO CONTRATO (Anexo en tramite 198 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO X: CARACTERÍSTICAS DOS ASEOS A INSTALAR EN VÍA PÚBLICA (Anexo en tramite 199 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XI: ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS EN ESTRADA CAMPOSANCOS Nº 36 (Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 200 (asinado con data 21/07/2025) e 201

ANEXO XII: CONDICIÓNS DE INTEGRACIÓN NO ECOSISTEMA DE TARXETA CIDADÁ DE VIGO "PASSVIGO". (Anexo en tramite 202 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XIII: SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN SAE E SISTEMA DE BILLETAXE (Anexo en tramite 203 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XIV: INVENTARIO DE OUTROS MEDIOS ADSCRITOS AO SERVIZO (Anexo en tramite 204 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XV: REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO. (Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 205 (asinado con data 21/07/2025) e 206

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 15 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO XVI: INTEGRACIÓN DE DATOS COA PLATAFORMA MUNICIPAL (Anexo en tramite 207 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XVII: GUÍA DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DO CONCELLO DE VIGO. (Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 208 (asinado con data 21/07/2025) e 209

ANEXO XVIII: TOMA E ANÁLISE DE DATOS DO SERVIZO ACTUAL. (Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 210 asinado con data 21/07/2025) e 211

Memoria xustificativa, de data 26 de setembro de 2025 (nº de tramite 262), relativa aos seguintes extremos:

A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.

Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP)

(artigo 99.4 da LCSP).

Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).

Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).

Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).

Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67.7.e RLCAP).

Xustificación das tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP)

Arquivo formato excel co Modelo de oferta e orzamento detallado (nº de tramite 213)

- Documento contable RC FUT de data 3 de abril de 2025 nº de documento 12025000031357 (nº de tramite 99)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 16 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

-Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 10 de novembro de 2025 (tramite 335)

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa de Area de Contratación e Novos Proxectos na data 10 de novembro de 2025. (tramite 336)

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025) aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas Particulares do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación potestativa no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 da LCSP. . Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica de data 30 de xullo de 2025, xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente, o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP). Así, constan no expediente: informe da titular de asesoría xurídica de data 17/11/2025 (tramite 347) , o cal conclúe que “... *non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito nin inconveniente legal para a aprobación do expediente, sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame pola*

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 17 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Intervención”, e informe de fiscalización da intervención xeral de data 21/11/2025 (tramite 354) no cal se conclúe: “... informa favorablemente a aprobación do expediente 4537-449 tramitado polo Servizo de transportes para a contratación da prestación do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Vigo, así como do servizo de autobús turístico cultural. O carácter favorable do presente informe non exime da súa lectura íntegra, e da toma en consideración das aclaracións e recomendacións que nel se conteñen.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto e unha vez atendidas e tomadas en consideración os requisitos de aclaracións e recomendacións manifestadas no Informe da Intervención, e incorporadas no presente expediente, procede solicitar novo informe da titular da Asesoría Xurídica, así como o correspondente informe de fiscalización da Intervención no cal se procede poda tomar coñecemento das aclaracións e suxestión atendidas para emitir o seu informe, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo con prestacións directas á cidadanía do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial, o Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, o Xefe de Area de Servizos Xerais e a Xefa do Servizo de Transportes na data 21 de xullo de 2025 (tramite 176) e anexos o PPTP do I o XVIII (nºs de tramite do 177 o 186, 188 o 194, 196 o 211 e tramites nº 299 asinado na data 10 de outubro de 2025, nº 300 .

ANEXO I: DESCRICIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS ACTUAL (Anexo en tramite 177 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO II: RELACIÓN DE PUNTOS DE PARADA. (anexo composto de cinco arquivos; parte 1, parte 2, parte 3, parte 4 e parte 5, anexados nos tramites 178,179,180,181 e 182, asinados con data 21/07/2025)

ANEXO III: DESCRICIÓN DO SERVIZO DE BUS TURÍSTICO CULTURAL. (Anexo en tramite 183 e asinado con data 21/07/2025)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 18 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

ANEXO IV: INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP ((Anexo conformado por 6 arquivos; anexados nos tramites 184 asinado con data 21/07/2025), 185, 186, 188, 189. E actualizada relación de persoal subrogable anexado con data 14 de outubro de 2025 no tramite 300.

ANEXO V: CONVENIOS Y REGULACIÓN LABORAL (anexo composto de cinco arquivos; anexados nos tramites 190, 191, 192, 193 e 194)

ANEXO VI: INVENTARIO FROTA DE VEHÍCULOS ADSCRITA AO SERVIZO (Anexo actualizado anexado no tramite 299 e asinado con data de 10 de outubro de 2025)

ANEXO VII: PLAN DE RENOVACIÓN DE FLOTA (Anexo en tramite 196 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO VIII: BENS OBXECTO DE REVERSIÓN E VALORACIÓN DOS MESMOS (Anexo en tramite 197 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO IX: INVENTARIO DE INSTALACIÓNS QUE SE POÑEN A DISPOSICIÓN DO CONTRATISTA PARA DESENVOLVER AS TAREFAS VENCELLADAS AO OBXECTO DO CONTRATO (Anexo en tramite 198 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO X: CARACTERÍSTICAS DOS ASEOS A INSTALAR EN VÍA PÚBLICA (Anexo en tramite 199 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XI: ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS EN ESTRADA CAMPOSANCOS Nº 36 (Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 200 e 201 asinados con data 21/07/2025)

ANEXO XII: CONDICIÓNS DE INTEGRACIÓN NO ECOSISTEMA DE TARXETA CIDADÁ DE VIGO "PASSVIGO". (Anexo en tramite 202 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XIII: SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN SAE E SISTEMA DE BILLETAXE (Anexo en tramite 203 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XIV: INVENTARIO DE OUTROS MEDIOS ADSCRITOS AO SERVIZO (Anexo en tramite 204 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XV: REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO. Anexo composto de dous arquivos anexados nos tramites 205 (asinado con data 21/07/2025) e 206

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 08:58

Páxina 19 de 21

2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026

CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANEXO XVI: INTEGRACIÓN DE DATOS COA PLATAFORMA MUNICIPAL
(Anexo en tramite 207 e asinado con data 21/07/2025)

ANEXO XVII: GUÍA DE COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS
DO CONCELLO DE VIGO. (Anexo composto de dous arquivos anexados nos
tramites 208 (asinadoscon data 21/07/2025) e 209

ANEXO XVIII: TOMA E ANÁLISE DE DATOS DO SERVIZO ACTUAL. (Anexo
composto de dous arquivos anexados nos tramites 210 (asinado con data
21/07/2025) e 211

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os anexos
(do I o V) asinados pola Xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos en data 10 de
novembro de 2025 (tramite 336).

Cuarto.- Asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026
a 2034 na partida orzamentaria 4411 4700001 crédito por importe máximo de cento
noventa e cinco millóns oitocentos noventa e seis mil cincocentos cinco euros con
cincuenta e cinco céntimos, (195.896.505,55 €) sen IVE.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos futuros do orzamento do Concello
de Vigo, de acordo coas seguintes anualidades :

Ano 2026	20.085.597,72
Ano 2027	21.188.352,44
Ano 2028	21.194.369,08
Ano 2029	21.934.557,50
Ano 2030	22.460.150,49
Ano 2031	22.630.387,09
Ano 2032	21.946.905,65
Ano 2033	22.130.586,20
Ano 2034	22.325.599,38

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma
prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas
e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 20 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2004/1102

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

S.extr.29/12/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 08:58	Páxina 21 de 21
2004-1102 Aprobado por XGL 09/01/2026	CSV: A4A1D1-8B8H4D-DH2ACH-L2X2F5-3ZGUDE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		